



INSTRUCCIÓN PARA A INSCRICIÓN NAS PROBAS DE ACCESO AO CURSO 26/27

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Documentación requirida, segundo proceder, a presentar coa solicitude:

- DNI, NIE ou pasaporte
- Documentación académica segundo proceda:
 - Título de bacharelato ou titulación equivalente.
 - Certificación académica do bacharelato con indicación de materias pendentes.
 - Certificación de ter superado a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
 - Título universitario
 - Título de técnico superior
 - Título de ensinanzas artísticas superiores.
 - Título profesional de música ou certificación académica en que figure ter realizado o depósito do correspondente título, ou o libro de cualificación das ensinanzas profesionais, se é o caso, con indicación da nota media do expediente.
- Documento acreditativo do grao de discapacidade e solicitude de adaptación dos medios e condicións de realización da proba de acceso que corresponda, de ser o caso.
- Documento acreditativo da condición de deportista galego de alto nivel e/ou rendemento, de ser o caso (https://i.gal/deportista_alto_nivel).
- Xustificante do aboamento dos prezos públicos (empregar un dos modelos seguintes:

A I ou 730)

- Códigos

Consellería: 07 - Cultura, Educación e Universidade

Delegación: 10 – A Coruña

Servizo: 03 - Ensino Medio

Taxa: 350700 Conservatorios de Música e Danza

Obxecto de pago: PROBA DE ACCESO 2026-27



- Modelos **A I** (descargable en <https://ovt.atriga.gal> [Pago de taxas e prezos → Xestións (Iniciar taxa) → Descargar Modelo AI en branco])
 - O documento consta de 3 follas (entidade financeira, interesado, Administración). A persoa interesada deberá imprimir e completar a man estas tres copias, acudir á entidade financeira colaboradora para realizar o pago e subir na solicitude copia **do exemplar Administración selado pola entidade bancaria.**
 - Modelos **730**, que se obtén tras facer o pago en <https://ovt.atriga.gal> con tarxeta bancaria/bizum [Pago de taxas e prezos → Xestións (Iniciar taxa) → Iniciar taxa]
 - Se o proceso se completa correctamente obterase un xustificante de pago do modelo 730 (Interesado e Administración). **Debe subir na solicitude o exemplar Administración.**
 - Prezos públicos da proba de acceso a ingresar (Decreto 89/2013, do 13 de xuño ; DOG núm. 114 do 17/06/2013):
 - 64,00 €
 - 32,00 € - Familia numerosa xeral*
 - Exención de pagamento*:
 - Familia numerosa de categoría especial
 - Funcionariado dos corpos docentes establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
 - Grao de discapacidade igual o superior ao 33%.
 - Vítimas de actos terroristas, así como os e as cónxuxes e fillas e fillos.
 - Vítimas de violencia de xénero e mais o alumnado cuxa proxenitora a sufra.
- * **Todas as circunstancias que dean dereito á bonificación ou exención do pagamento teñen que acreditarse coa correspondente certificación acreditativa.**